

« Dereito a un lecer e
tempo libre saudables »



xornada
diocesana
da
INFANCIA
e da
FAMILIA

DIOCESE DE
MONDOÑEDO-FERROL

DOMINGO 26 DE NOVEMBRO

CPR Nosa Sra. do Pilar
Franciscanas da Purísima

FOZ | FERROL

CPR Sagrado Corazón
Mercedarias

DE 11:00H A 14:00H



presentación

Esta I XORNADA DIOCESANA está organizada pola **Mesa Social da Infancia e da Familia da Diocese de Mondoñedo-Ferrol**, creada en outubro de 2022 como un espazo de reflexión e traballo colaborativo constituído polas entidades católicas do eido social con vinculación ás áreas de infancia e/ou familia, co obxectivo principal de sumar esforzos nos campos da formación, do traballo en rede, da sensibilización e da comunicación, acompañando aos nenos, nenas, adolescentes e as súas familias.

obxectivo

Co gallo da celebración do '**Día da Infancia**', queremos realizar esta XORNADA DIOCESANA para dar visibilidade aos dereitos dos menores e fomentar a súa participación nas actividades do tempo de lecer.

Trátase dunha xornada de encontro para as familias con menores da nosa diocese e transcurrirá de xeito simultáneo en dúas localidades da mesma, FOZ e FERROL, para facilitar así a asistencia e participación de todas as familias e grupos de Catequese que queiran asistir.

« Dereito a un lecer e tempo libre saudables »

programa da xornada

- | | |
|-------|--------------------------------------|
| 10:45 | Acollida |
| 11:00 | Eucaristía |
| 12:00 | Actividades de lecer para os rapaces |
| 13:30 | Lectura do Manifesto |

manifesto



A xornada rematará coa lectura dun manifesto preparado, coa participación dos propios rapaces, para dar visibilidade a seis dereitos que todos temos que garantir:

- > **Dereito a ser felices**
- > **Dereito a un lecer e tempo libre saudables**
- > **Dereito a sentirse queridos**
- > **Dereito a participar**
- > **Dereito a ser escollados**
- > **Dereito a xogar**

agradecementos

Desexamos dar as grazas a todos os que participan co seu tempo e agarimo no desenvolvemento desta xornada, aos sacerdotes que presiden as celebracións eucarísticas en Foz e Ferrol, ás delegacións diocesanas de Catequese e Catecumenado, Ensino, Xuventude e Leigos, Familia e Vida, e a todos os seus voluntarios e, como non, aos colexios que desinteresadamente nos ceden as súas instalacións neste día: Colexio Nosa Sra. do Pilar (Foz) e Colexio Sagrado Corazón (Ferrol).

«Coidar da infancia e defender os seus dereitos
é un compromiso da Igrexa e da sociedade.
Convidovos a participar neste evento festivo
que nos axuda nesta meta tan importante»

Mons. Fernando García Cadiñanos, Bispo de Mondoñedo-Ferrol

mesa social da **INFANCIA** e da **FAMILIA** DIOCESE DE MONDOÑEDO-FERROL